



Dende o ENDL...

## Son da Xeración Igualdade

8 de marzo Día Internacional da Muller e da Paz

Esta semana poñémonos as lentes violetas para ver e mirar a realidade, para analizar dende a perspectiva histórica as melloras que, en materia de igualdade, se teñen acadado e para divisar o camiño que hai que percorrer, con paso firme e decidido de cara a conseguir o equilibrio harmónico e axeitado entre os cidadáns e as cidadás do mundo.

*“É fundamental o coñecemento e visibilización das mulleres en absolutamente todos os ámbitos e as alianzas entre as propias mulleres e homes, buscar a confluencia a través da compaixón inclusiva, facilitar o camiño [...] para contrarrestar a tendencia á submisión á autoridade e á presión social dos iguais”*

(A. López Souto)

Lembrando ao fundador da Congregación das Irmás do Amor de Dios

### **Que fermoso é servir por amor!**

A comezos do século XIX Jerónimo Usera, atento ás necesidades do seu tempo, cre na liberación da muller, convencido de que se esta consegue participar na educación, a sociedade sería mellor.

Funda entón a Academia de Tipógrafas e Encadernadoras e para que as nais poidan incorporarse ao mundo laboral abre a primeira Casa Berce da Habana.

Era, a súa, unha visión positiva da muller. Consideraba fundamental o seu papel na construción dunha sociedade máis xusta, afirmaba a igualdade do xénero humano, defendía os dereitos dos máis necesitados e por iso creou ambientes nos que a pedagogía do amor puidese suplir as carencias; colocou nas súas mans ferramentas de aprendizaxe e proporcionou unha formación en valores humanos e transcendentales, destacando a educación como elemento esencial do ser humano.

Velaí a actualidade do seu pensamento, velaí a riqueza do seu legado.

O labor educativo de Jerónimo Usera continúa hoxe irmás e seglares nos centros “Amor de Dios”

Por elas, por nós.

